

1

Neste asolagado día vinte e cinco de outubro de 1866 algúns homes de ben da capital de Galicia acoden baixo os paraugas ao número 10 da rúa do Vilar, onde se ergue a chamada Casa do Pozo, para dar o seu derradeiro adeus a un vello ilustrado e home de ciencia: Domingos Fontán. Matemático sublime, eminente xeógrafo, profesor da Universidade de Santiago e deputado en Cortes pola súa provincia de Pontevedra, o doutor vén de falecer aos setenta e oito anos na vila de Caldas de Cuntis, onde acudira para ver se as súas famosas augas lle baixaban a infección da vexiga, a cal resultou ser mortal.

Dende a praza do Toural até a de Praterías veñen e van xentes de moi variada condición por esta rúa asoportallada que ten sona de ser a primeira da cidade: veciños de porta con porta, autoridades do concello, vellos colegas da profesión universitaria ou da Sociedade Económica de Amigos do País que aínda se lembran daqueles días en que o finado fora represaliado na súa xuventude polas involucións absolutistas dos anos catorce e vinte e tres. Entre estes últimos estivo o xeólogo Casiano de Prado, antigo alumno de Fontán na Universidade e amigo dos vellos tempos da Sociedade Patriótica da Coruña, quen acudiu a dar o pésame acompañado por Varela de Montes, catedrático de medicina na Universidade e médico do Hospital Real, un home con inquietudes filosóficas que acabou vertendo nun libro titulado *Ensayo de Antropología*. Ámbos os dous son homes xa de idade, cangados de ombros, baleiros de forza, aínda que cheos de historias que contar aos mozos que gustan da súa conversa e aos que Casiano regala acotío coa historia dos catorce meses que pasou na súa xuventude nos calabozos santiagueses da Inquisición acusado polo propio Varela de proposicións heréticas e de ler libros prohibidos, aínda que moitos din que por lle cuspir

enriba a un edicto do Santo Oficio colocado na porta da Universidade. Tamén pasaron pola casa do defunto representantes da xuventude santiaguesa, como Félix Moreno Astray, que acaba de publicar unha moi estensa guía da cidade para o viaxeiro na que colabora postumamente o seu malogrado amigo Neira de Mosquera con fragmentos das súas *Monografías de Santiago*, unha famosa serie de estampas históricas compostelás. Viuse tamén a pequena figura do gran Manuel Murguía, tocado coa súa inconfundible chistera, quen tamén vén de sacar á rúa o tomo primeiro dunha *Historia de Galicia*, obra seria de todo un arquivista e polo tanto moito menos fantástica que a do novelista Benito Vicetto. O historiador veu acompañado pola súa dona Rosalía de Castro, quen hai tres anos publicou un libro de poemas co título de *Cantares Gallegos* que pronto se converterá nun dos cumes poéticos da lingua galega, pois ao que parece esta década dos sesenta que xa vai mediada vén chea de novas bibliográficas que abrirán unha nova xeira no eido da cultura de Galicia. Viñeron tamén políticos de sona, como Romero Ortiz, de mozo destacado provincialista, logo deputado e agora subsecretario de Gracia y Justicia, quen aínda bota de menos ao inseparable amigo Rúa Figueroa, pois ambos os dous foron os que xunto con Antolín Faraldo sacaron á rúa *El Porvenir* e encabezaron a rama civil do levantamento de 1846: a primeira vez dos tempos contemporáneos en que Galicia tivo algo que dicir como nación, a do *antigo reino dos suevos, agora convertido en colonia da Corte*. O subsecretario detívose baixo os soportais con aqueles que se xuntaron ao seu redor e faloulles dos novos tempos políticos que se aveciñaban, pois na capital do reino andaban as cousas revoltas dende o levantamento de xuño dos sarxentos de artillería de San Gil e sobre todo dende a represalia posterior que levou ao fusilamento de até sesenta e seis dos sublevados. Sopran ventos de cambio na política española,

asegura o subsecretario Romero Ortiz, ventos que veñen de tan lonxe coma Ostende, na Bélxica, onde en agosto acababan de firmar un acordo as forzas progresistas para poñer fin ao bloqueo parlamentario e para botar do trono á raíña Isabel II, abrindo o paso a unha nova dinastía ou quizais ao desexo dalgúns demócratas de proclamar por primeira vez a república en España.

Atopámonos moi preto da porta da catedral chamada de Praterías –o fermoso pórtico dobre do trazo sur do cruceiro- e baixo a vixilancia atenta da poderosa Torre do Reloxo, o que lle outorga a esta rúa un aura de gravidade que chega a ser solemne cando a campá tangué, máis aínda hoxe que se vela a un dos seus veciños máis ilustres: *cada badalada é un dor*.

Tamén chamada Berenguela por se ter rematado o seu primeiro corpo nos anos do século XIV en que Don Berenguel de Landoria ocupaba a cadeira apostólica, a torre sería rematada no século XVII cos dous barrocos corpos superiores e mais catro torretas con cúpula que rematan as catro esquinas da torre orixinal, todo deseñado polo arquitecto Domingo de Andrade. Así foi que a torre, robusta do reloxo para abaixo, cal torre ou bastión de fortaleza, quedou elevada até a altura de 72 metros, con catro xanelas no segundo corpo, oito no terceiro e por último a cúpula rematada en agulla. Moitos chámanlle aínda torre da Trindade, como se chamaba antes de instalarse hai trinta e cinco anos o reloxo das catro esferas, unha por cada lado da torre. De todos os xeitos, o máis senlleiro non é tanto o seu reloxo como a súa campá de dez toneladas, cuxo potente tanxer en do disque se escoita en Bastabales. E se o viaxeiro se detén a falar tan prolixamente desta torre é por fixar un centro, un punto, unhas coordenadas ao redor das cales poder fiar o nobelo do seu relato, do mesmo xeito que fixo o noso defunto, quen subiu unha chea de veces ao alto desta torre cos seus trebellos de observación astro-

nómica para facer iso mesmo, obter as súas coordenadas exactas para referencia dos triángulos xeodésicos cos que debuxaría o mapa que sería a obra da súa vida. Certo é que a tiña ao pé da casa -de calquera delas, pois antes de vir parar á rúa do Vilar, viviu na da Senra, na da Acibecheoría e na de Picho da Cerca-, pero certo tamén é que calculou a súa posición xeográfica en máis de cento cincuenta ocasións, o que dá conta da teimosía do xeógrafo por obter para o seu mapa de Galicia unhas coordenadas nas que o erro quedase relegado a partes de segundo, cuestión xa de metros arriba ou abaixo.

Moitos dos que acudiron durante o día a dar unha aperta de consolo a Manuela Riva, dona do defunto, aos seus fillos Félix, Manuel e Rosendo, e ás irmás Graciela e Rosalía, acompañaron despois o cadáver até o bosque que hai detrás do exconvento de San Domingos de Bonaval, onde se atopa o cemiterio xeral. Alí, nas inmediacións do nicho número 306, víronse outros amigos dilectos do finado, como Domingo Lareo Quintela, enxeñeiro de camiños e arquitecto titulado pola Real Academia de San Fernando, ou o político Antonio Loriga y Reguera, dono do Pazo de Sobrecarreira, preto da Coruña, onde o ano dezaseis o xeógrafo comezou os seus traballos de ensaio sobre o terreo coa prancheta de madeira que lle fabricaran os irmáns Lareo, pois os máis achegados do defunto xa foran quedando atrás algo antes ca el, cada un á súa hora: o seu irmán Andrés, doutor en Leis e avogado dos Consellos; o seu tío Sebastián, párroco de Noia; o enxeñeiro de camiños Alejo Andrade Yáñez; ou Xosé Dionisio Valladares, licenciado en Leis e xuíz, pero especialmente coñecido coma abandonado do Batallón Literario e heroe da batalla de Alba de Tormes contra os franceses. Todos eles, uns máis ca outros, foran as únicas axudas que tivera o mozo Domingos Fontán para levar adiante a monumental tarefa de levantar unha carta xeométrica da súa terra, algo que fixo por vez primei-

ra un só home traballando pola súa conta, un científico de imaxinación romántica, ao longo dos dezasete anos que pasaron dende 1817 até 1834.

Logo, camiño da casa, todos leron detidamente a necrolóxica que lles fora entregada á fin da cerimonia, un cartón de visita de trece por sete centímetros excelentemente impresa en ouro sobre negro brillante, que tiña no alto a Cruz de Carlos III, e que dicía así: *O doutor D. Domingos Fontán (A.S.G.H.) / cabaleiro da Real e distinguida orde de Carlos 3º, individuo da Academia da / Historia e da Sociedade de Xeografía de París, Ex - profesor de matemáticas sublimes na / Universidade de Santiago, Ex – Deputado a cortes e director xubilado do Observatorio de / Madrid, &ª. &ª. / Faleceu o día 24 de outubro de 1866 / A Viúva, fillos, irmás, sobriños, parentes e amigos suplican / a V. sír-vase encomendar a súa alma a Deus. (Á marxe): Lit. Xurxo Osterberger. Santiago.*

Na súa maioría trátase de veciños de Santiago, mais non son poucos os que chegaron de fóra e teñen que buscar acougo nalgún dos paradores da rúa das Orfas, preto das administracións da dilixencia, ou aproveitar o lutoso acontecemento para hospedarse na casa dalgún familiar uns cantos días nos que percorrer as rúas desta cidade apostólica que dende hai xa días latrica sen descanso na cantareira lingua da auga morna que pinga dos tellados dos edificios e que vai luíndo máis e máis as lousas xa luídas de rúas e ruelas. As torres da catedral, envoltas en retallos de néboa, semellan dous alabardeiros xigantes que fixesen garda fronte a praza do Hospital, aínda sen empedrar, por onde cruzan en todas direccións toda caste de camiñantes: estudantes da Universidade, artesáns con obradoiro nas rúas do Preguntoiro e da Calderaría, xentes da contorna que empurran os seus carretos ateigados de mercadorías. Tamén pasan cóengos, frades, monxes, presbíteros, párrocos, diáconos, capeláns, chantres e sochan-

tres, pois os eclesiásticos son lexión nesta cidade levítica e peregrina que estaba destinada a converterse no terceiro centro relixioso da cristiandade dende o mesmo momento do seu nacemento: cando no pequeno burgo que se agrupaba ao redor da igrexa de San Fiz de Solovio o eremita Paio descubriu a arca marmórea onde se atopaban os restos do apóstolo. Invento ou descubrimento dos arduos e perigosos tempos do bispo Teodomiro e do rei Afonso II, a cidade é hoxe, máis de mil anos despois daquel achádego fundacional, un casarío dunhas trinta mil almas que conta, como sinala Madoz no seu dicionario, con casa de postas, estafeta de correos e administración de rendas e loterías, ademais dun ferrocarril que será o primeiro de Galicia e que moi logo enlazará coa vila mariñeira e porto de Carril. Polo demais, o casarío está ateigado de edificios relixiosos de toda caste: mosteiros como o de San Martiño Pinarío ou o de San Paio de Antealtares, conventos coma o de San Domingos de Bonaval ou o de San Francisco, colexiats coma a de Santa María a Real do Sar, colexios coma o das Orfas ou o da Compañía, igrexas coma a de San Fiz de Solovio ou a de Santa Susana, capelas coma a das Ánimas ou a das Angustias, todo un conxunto de santuarios levantados para maior gloria de Deus que fan a delicia do devoto, aínda que algún deles xa non estea en servizo por mor da expulsión, o abandono ou a exclaustación.